

NAVEGANTE SILANDEIRO



Obdulio Vaquero Galindo

NAVEGANTE SILANDEIRO

Obdulio Vaquero Galindo



S.C.R.D. FILLOS DE OIS

Edita: Sociedade cultural, recreativa e Deportiva Fillos de Ois.

Fontelo 37. Santa María de Ois. 15316 Coirós (A Coruña)

www.fillosdeois.org

fillosdeois@yahoo.es

Edición conmemorativa do 30 aniversario da SCRD Fillos de Ois.

Agosto 2012.

Composición dos textos: Manuel Fiaño Sánchez

Deseño gráfico: Luis Otero Sánchez e Miguel Gayoso Barreiro.

Depósito Legal: C 1503-2012

Imprime Vazmar

José Algeró Penedo, 5 Bajo - 15300 Betanzos (A Coruña).

© Herdeiros de Obdulio Vaquero Galindo

Queda prohibida a reprodución total ou parcial desta publicación, por calquera medio ou procedemento, sen para iso contar coa autorización previa, expresa e por escrito dos herdeiros de Obdulio Vaquero Galindo.

Obdulio Vaquero foi o mestre que pronunciou no ano 1933 o discurso inaugural da escola do Fontelo, construída pola *Sociedad Hijos de Ois*, cando esta empezou a albergar nenos e nenas nas súas aulas. Despois dunha longa vida profesional, á súa xubilación dedicouse a escribir poesía, deixando unha extensa obra escrita, a maioría inédita. En vida publicou tres poemarios: *Desacougo aceso* (1983), *Versos para nenos* (1986) e *Espigas de mi rastrojo* (1986).

A Sociedade Fillos de Ois, herdeira e continuadora da labor da *Sociedad Hijos de Ois*, cumpre neste ano 2012 o seu trinta aniversario. Con este motivo publicamos unha escolma de poemas que Obdulio escribiu en lingua galega.

Chama a atención que unha persoa que naceu en Valladolid mostre tal dominio da nosa lingua e que exprese nela os seus sentimentos máis íntimos, as súas inquiredanzas e mesmo cante ás nosas letras e a Galicia, terra que o acolleu e que el sentiu tamén como súa.

En *Navegante silandeiro*, os versos de Obdulio achégannos ás súas observacións, reflexións e dúbidas existenciais, levándonos con el nunha viaxe poética polos recantos da vida.

Miguel Gayoso.

Presidente da S.C.R.D. Fillos de Ois.

Polas campias

Polas campias da alma
andan pombiñas voando;
revoan como pantasma
doutras almas emigrados.

Son visións alumiadas
de antergos voos esquecidos
que por vieiros frocidos
se renovan e axigantan.

Pombas miudas de morriña
mollándose no relembro
daquelas horas lediñas
daqueles lediños tempos.

Pombas como aladas froles
nun xardín de velaíñas
que se afogaron na noite
de negras malenconías.

Pombas con boiantes niños
en brancas lúas inzados
nos que chilran paxariños
polo mencer espertados . . .

Baixo de azuis noviños
andan mil soños voando.

Seique me . . .

Seique me fireu a Lúa
ó caladiño na noite
namentras eu unha a unha
ía catando as estrelas
fermosas
homildosas
aló no alén do lonxe.

Polo canle das arelas
rubo ó curuto do ceo
e bebo o engado do soño
ata bicar as estrelas
con beizos dos meus anceios.

E as brancas azas cinguidas
pola cincenta morriña
crébanse cal frol de toxo
aló nos cumes ergueitos
onde chegan meus antoxos.

A Lúa rise de mín
dende o espello do regueiro
no que xoga cas ondiñas
ás que chegou dende alí
onde se farta de rir
destas arelanzas miñas.

A noite quedou . . .

A noite quedou durmida
no colo das súas sombras
namentras os vagalumes
colleitan
luces de lúas e estrelas
con que alumear as horas
sen apreixar o tempo que nos fuxe.
Todo durme coa noite na paisaxe;
nembargantes
quediñamente soave
a brisa longa a roita da súa estrada
e vaise

vaise

vaise

cobizosa de aléns
valeiros de pantasma
a esbarecer polo lombo das espranzas.
Baixa á realidade xusta
-escuridade fonda sen lóstregos de soños-
e o meu xardín particular percorro
abrindo o peito a tódalas lembranzas.

Ando a escoitar

Ando a escoitar a música do vento
que os piñeirais dirixen
coa batutiña das ponlas
e que os paxaros aprauden
coas azas ó revoar.
Hai torrenteiras de sons
que abrangan todo o lugar
e choutan intre tras intre
co a súa propia outomar.
Tenta rubir con outos azaneos
e derrúbase fráxil sobor do seu ferver
trocando o seu tremar en soitarios ecos
que aló no lonxe erran cal volvoretas
baixo os ceos azuis de vastas soedades.
Os piñeirais apousan as súas inquedanzas
mentres en mín no ámeto do abrente
o corazón se abre
a maresías da vida no canle das espranzas.

Navegante silandeiro

Navegante silandeiro
polos recantos da vida
vexo soles vexo lúas
vexo loces vexo sombras
vexo mastros vexo escumas
vexo abertas maresías
nestas outomares miñas.
Vexo gueivotas no abreinte
apousadas nos roquedos
e arredores esplendentes
nos que frolecen a eito
soedades arumadas
e “cómaros de lembranzas”
que se acugulan no peito.
Caladamente navego
cal volvoreta no ár
nunha dorna de esperanza
que poucas a poucas vai
amoreando no tempo
cobiza de un mais alá.

Nun senlleiro

Nun senlleiro recanto
do sentimento
aniñou ao calado
o salaio dun verso
non acabado.

Quixera na colleita
-colleita leda-
de sorriso e cantigas
acanear as froles
-froles de amores-
da roseira da vida.

E os intres de tenrura
dos acaneos
espallados da alma
alumeada
por balbordos de lúa
feitos xa versos.

Con todos eles
facer un niño
de melros e carrizos
que no recanto
do sentimento
acalaran salaios
que agora sinto
de un verso inacabado
drento do peito.

Polas congostras

Polas congostras do tempo
vou camiña que camiña
cara un lonxe que revoa
na abidueira da vida.

Xa sinto en mín a canseira
e non sei onde o camiño fica;
fráxil estou coma o ár
e loito balbordante coa morriña.

Ferido de saudade non acougo
na roite coa que loito cada día
e acorralado vou por dúbidas que atopo
neste meu camiñar que chaman vida.

Mais os pulos da inqedanza
baten en mín con choiva de sorrisas
e todas elas nas roitas enliñadas
fanme ter por verdade o que é mentira.

No meu mencer

No meu mencer rebuldeiro
vexo estrelas fuxidías,
sinto melros que asubían
e aluma un sol garuleiro.

Hai rocíos que rebrilan
polas herbas espallados,
vagalumes apagados
nas noitebras molecidas
e hai soños acochados
no colo da pantasía.

Hai cobizosas abellas
zoando seu zoar morno
sobor das roseiras ledas;
hai tamén pétalos louros
ó desfollarse o abrente
sementando no ambiente
fidalgas luces de ouro.

Hai no mencer tantas cousas
que un romántico sosego
bica os orballos da alma
con beizos cheos de azuis
que miudean do ceo.

O meu corazón

O meu corazón latexa como latexa o vento
aza sen presa turrando nas escumas
da maruxía intemporal da vida.

Rube ou baixa; baixa ou rube
polas escadas do tempo
coma unha cantiga viva
acugulada nos beizos
dunha estrela que escintila
sen folgos aló no ceo.

Ledicias e tristuras
véñenme tremar no peito
e nas lembranzas dibuxan
desacougos e inquedanzas
que van deixando na alma
ronseles dos seus latexos.

Vai marchando silandeiro
coma gueivota tremante
nos outonares do tempo;
vai na vida navegante
pola fráxil soedade
cara un intre derradeiro.

Latexa o meu corazón
coma unha constelación
que alumeara no peito.

Atópome soio

Atópome soio escoando
dende o cumio dos anos
deica o val largacío
no que xermola a vida.
Esbaro aberto a todas as feridas
ensoñando ou levando
comigo os seus misterios
cara o ñoto lonxe
no que xurde a chamada
que latexa no peito
coma un eco
do aló inescusabre que me agarda.
Eu ben sei que o balbordo latexante
que soa na distancia dende sempre
debrúzase sen mais
na aperta da escoanza
pola que vou caendo esmorecendo
deica o silencio velloso
que me atrae e que me abafa.

Cheo de anguria

Cheo de anguria e tristura
alónxome pola vida
cara un alén sen ningunha
espranza pois, pendurada
do meu solpor, soio é cinza.

Chégome a Tí, meu Señor,
nos meus doores illado
nestes intres de ventos abondosos
que sopran no presente do pasado.

Neste tempo tristeiro e chuvoso
no que me atopo esperto e doorido
chégome a Tí, Señor, coma neniño
que a seu pai se chega
á percura de acougo cando chora.

Eu son carne, Señor, de fonda pena
prisioneiro de mín na escura vida;
por éso a Tí me chego ca ferida
-alporizada en mín- que levo aberta.

Eu non sei . . .

Eu non sei si a vos vos pasa
pero a mín na noite pecha
chéganse voces anergas
que endexamais escoitara.

Son voces do alén do tempo
en noites de lúa crara;
voces longas en desertos
coma marmurios de nenos
nunha cidade lonxana.

Voces no tempo perdidas
de todos abandonadas
xirando nun ceo aberto
cheo e farto de añoranzas.

E direivos mais; son verbas
dun falar que non coñezo
pero que a luz das estrelas
díme que é un falar eterno
o de esas voces anergas.

Voces vellas arquivadas
mesturadas e inseguras
que ás veces son soio escumas
rindo ou chorando en segredo
nas noites de lúa crara.

Eu ben sei

Eu ben sei sen que mo digan
que son moi facilón para o silencio;
paréceme abondo xa
o canto da paspallá
e os choriqueos da vida.

A coral rica e vivaz
ensaiando cada día
riba do solar do tempo
as monótonas cancións
do vivir longo e falaz
abondan pra me calar
enliñado ó meu silencio.

A falsa espontaneidade
do cantigar dos relembrados
faime ser na intimidade
unha lumeirada ardendo
do tempo na escuridade
sen laparadas ao vento.

Deixo que falen; eu calo
namentras vou camiñando
percorrendo ceibe e ledos
as alamedas do tempo
sen falar; soio escoitando.

Polo areal

Polo areal dos miolos
a maneira das ideas
ven a se deitar mainiña
na craridade mesta do mencer.

Hai nas escumas preguiza;
hai canseira nos anceios
por se deitar cara a lúa
adurmiñada no ceo.

As ideas van ou veñen
remoendo nas lembranzas
como as augas das mareiras
polos areais da praya.

Das duas nengunha acouga;
ambalasduas son no seu devalo
sombra que se derruba no albedrío
á busqueda de algo asoballado
ao decorrer do tempo de cotío . . .

Espertei dos meus soños alongados
-preguizas e canseiras xa na beira
dos areais da vida e da nostalxia-
ao ir enchendo os valeiros infinitos
coa impracabre presenza de futuros
nesta noite no tempo encaixonada.

¿Cada día?

¿Cada día? . . .

Un anaquiño da vida
que se nos perde no tempo.

¿Cada intre? . . .

Un anaquiño de tempo
que se nos vai para sempre.

¿O tempo? . . .

Algo que nos van doando
e que nos imos perdendo.
O un aquel inexpresable
que nos fai e nos desfai
dunha maneira impracable.

¿Antes, agora, despois? . . .

nomes, somentes nomes
desta ledicia da vida
que me cingue estrelecéndome.

¿Hoxe, onte, antonte? . . .

Ronseles que imos deixando
na estrada pola que andamos
ó encontro coa morte.

E ¿mañán? . . .

O lisquiño dunha esperanza
acochado na lonxanza
que índa teñamos que andar.

A isto se reduce a vida
que intre a intre día a día
estamos a debalar.

Fragas, soutos, . . .

Fragas, soutos, piñeirais, orballos
nos que tórnase a cor do tempo quedo;
nos que os ollos se enchen de quietude e
silenzo.

Regueiriño que a solas
pelegrinando anda
bicando as herbas
ceibe vai fendendo o tempo
fío branco a tecer luares belas.

Apousa un pouquiño
apousa
coroadiño de follas
bebendo estrelas na noite
ata que chega a mañán.
Latexa o sol nas túas augas;
ronsel deixas ó pasar
e febre dun milagre leva
teu magoante cantar.

Fragas, soutos, piñeirais, orballos,
regueiriño preguiceiro
ehí estades ao calado
alumeando como fachos
as palabras dos intres derradeiros
nestes solpores que con vos comparto.

A Natureza

A Natureza é un poema;
cada existencia unha estrofa;
os intres son soio versos
das estrofas da existencia.
Ao vivir imos rimando;
non fai falta ser poeta
pois somentes a existencia
xa nos vai versificando.
Cada quén as suas estrofas
ao vivir vai recitando
sen comelo nin bebelo;
e ó ir ficando nas horas
no seu ronsel vai deixando
anacos das suas estrofas.
O tempo vainas xuntando
e das suas augas mornas
fai un fío alporizado
que da vida nas fervezas
vai os intres derrubando
ata rimar o poema.

Hoxe as néboas . . .

Hoxe as néboas e a choiva
quítanme de ver as lonxanías
nas que o maxín acaba
a sensación do meu porvir que morre.
Acougada no corredor do tempo
aquesta néboa mesta
quítame os azos de petar no día
a conquistar sen pausa os novos hourizontes.
Así é que estou en mín
sen mais compañía
que o río de lembranzas
que un día me dixeran
“adeus que o tempo pasa”
Son tantas
 tantas
 tantas
que ó lonxe guindo aínda
unha longa cadea no vieiro
por onde sen querer eu vou andando
camiño como elas do esquezno.

Do ár limpo . . .

Do ár limpo da mañán
chegame o nídio frescor
ó abrir a fiestra dos ollos
á verdade do seu esplendor.
A paisaxe durme aínda os seus relembrós
có pranto dos orballos no seu lombo
e os sucos nos que medran os centeos
asiña volven a páxina do día.
O novo sol mencido
vótase a andar polos azuis ledos
enchendo o tempo de luz mais de ledicia.
Unha pomba doente por se chegar moi lonxe
érguese cara ó ceo coma un prego
que chegarse quixera onde non cheguen
os cumios alodados dos outeiros.
E todo volve a ser o que denantes fora
cando a mañán rexurde limpa e fresca
a se dourar de sol nos intres puros
como a bris alcendida dun poema.

Rebulen

Rebulen os paxaros;
¿ónde estarán os niños?
Hai festa polos agros
e brila un sol mainiño.
Volvoretas revoan
polas roseiras
¡qué ledicia dá velas
darlle ás azas inquedas!.
Renxe o tempo na tardiña;
abanean os piñeiros;
solfas soan das cantigas
neste serán maieiro.
E nas silveiras os melros
andan catando as amoras
namentras que silandeiros
acougan en col das sombras.
Un neno de rir tristeiro
vai remoendo relembrs
deitado sobor das herbas
que na tardiña refrexan
as tardiñas doutros tempos.
Hai festa polos agros;
loce un sol madrugueiro.

Nai

Ainda que non estés
eu lémbrome de tí
dende o complexo cosmos
do meu pequeno ser.
Vives nun reino para mín iñoto
lonxe dos ollos que denantes vían
e dende aquela se quedaron cegos
valeiros das olladas xa perdidas.

¡Ohou estas soedades de inquedanzas cheas,
das olladas valeiras e xa cansas
que morren sen ronseles nas vereas
polas que ledizosas camiñaban!.

Hoxe lonxe de tí eu sigo camiñando
os antergos carreiros e congostras
sempre soio comigo lembrando
aqueles tempos idos xa sen volta.
Nun alonxarte sen fin
ó ir indo deixaches na vereas
ronsel das tuas ausenzas
e hoxe fora de tí no teu silencio
estás perto de mín feita lembro.

Ai, as sombras

Ai, as sombras que latexan
e a noite teimosas cegan.
Ai, o vento que acanea
as froliñas nas roseiras.
Ai, os piñeirais no bosco
durmíndose recelosos.
Ai, a noctébriga curuxa
que a noite, agoreira, embruxa.
Ai, os vagalumes ledos
os seus fachos alcendendo.

Ai, os cumios dos outeiros
litúrxicos e tristesiros.
Ai, que a mañanciña chega
tras de acoitelar as tebras.
Ai, que o sol garuleiro
camiña xa polo ceo.
Ai, os folguiños da vida
que pouquiño a pouco fican.

Unha dorna

Unha dorna pratexada
por lúas de branca escuma
vai bogando nas estradas
das augas sen marusías
polo vento acaneadas.

Dende os mastros as brisas asubían
agarimando as guedellas
da cabeleira do tempo
adurmiñada
no colo das lembranzas e os misterios.

A dorna boga incansable
coma folla polo ár abaneada
que latexa ó fuxir cara hourizonte inenso
nunha fuxida longa por paisaxes
nos que o solpor de luarenta craridade
pingue inmortais azuis dende o ceo.

Cando as doces cantigas

Cando as doces cantigas
dos tempos idos
volvan a che voar
nos teus ouvidos . . .

Cando as pingas de sombras
volvan a se mollar
nas lagoas dun soño
e as mapoulas das horas
recenda ó durmir nas soedades . . .

Cando se afundan
nos beizos dos relembrós
as canseiras deitadas
no areal dos miolos
camiño dos esquezos . . .

Cando un mencer mainiño
-ás costas dos escuros-
tatexe nas congostras
que levan á rutina
en que perduro . . .

Nos cons do novo día
lareterán as verbas
ó ruar deica as novas
labaradas ispidas
nas que xurde o poema.

Vaise o tempo

Vaise o tempo sen medida
indo sen folgo en silencio
namentras que medra a vida
cun xesto novo e antergo;

aló
onde o chán bica o ceo
perdido na lonxanía;
aló
onde afogan os relembrós
ó irse facendo esquezos
no cadaleito dos días;

aló
onde agroman os proxectos
e no caravel dos beizos
xurden bicos voandeiros
que antes non rexurdiran;

nese aló
no que ollamos nos sen ver
mundos novos iñorados
que se poidan deprender . . .

Nese aló
¿será real ou irreal
ese abaneo de soños
polos que a vida se vai?.

Cando o facho . . .

Cando o facho costeiro
se espreguiza
no solsticio da noite
e aluma os arrepíos
dos sombrizos insomnes . . .

Cando o mencer se chega
dalgún lonxe inocente
e as lufadas escuras
do equinocio do tempo
fai soar as absurdas
marteladas do vento . . .

Cando o sol madrugueiro
limpa de escuridades
a inocencia das sombras
e rachando os aramios
da sua terquedade
abre as fiestras todas . . .

Daquela
o río caudaloso
das inquedanzas tolas
vai enchendo os valeiros
rilando no silencio
o espertar das presencias
que durmían suspensas
do sospiros do cosmos.

Todo respira

Todo respira silencio
na noite pecha
inda que alumiñe o vento
todo aquilo ao que se chega.

Se somos silencio ou vento
que abanea
solpor ou mencer en nos
sen dúbida somos tempo
que ó irse facendo terra
nin é lúa nin é sol.

Neste nouturno sen rego
agroman tépedas verbas;
unhas durmen, outras velan
á espera do día aberto
no que enliñar os segredos
barrocos dalgún poema.

Algunhas fitan e acertan;
outras nembergantes erran
nos currunchos do incerto;
cecais nas escuras tebras
medren alguns sortilexios
que en dúbidas pestanexan.

Son un anaco

Son un anaco de terra
ergueito sobor de mín;
medro en intres sen certeza
entre proxectos sen fin.

Cecais soio sexa un soño
na noite do meu vivir
sulagado no meu corpo
que poucas veces sorrí.

Sei que me asento en costumes
que ás poucas van moldeando
os orixinais que xurden
ó ir os intres achegando.

Aló vai o tempo morto
facendo historia do antergo;
levando sobor do lombo
de vidas idas milleiros.

Son anacos esquencidos
dunha eternidade en tebras
que coma mín fan camiño
pola nada ó ir por ela.

Ando carrexando

Ando carrexando tempo
xunguido á morna utopía
mentras que abanea o vento
a persistencia da vida.
Eu ben sei que non son nada
apousado en labaradas
de raios de luz allea.
Vou buscando nas lagoas
de ceos aluarados
un mencer que alumea as horas
no meu tempo axionllado.
Nas mañanciñas abertas
aos azuis luxuriosos
amósome nas xanelas
a ollar do tempo os arrolos.
Despois fito a bruxería
da odisea da paisaxe
xunguido sempre á utopía
e ó seu reto sen piedade
a pendurancia da vida.

Estás a vivir

Estás a vivir en mín
vella imaxe daquel tempo;
tempo que se foi sen volta
o mesmo que fai o vento.

Paseniñamente a vida
en dornas de liberdade
vogou mais aló do lonxe
a ningures de vastas soedades;

un ningures de silencio
onde os corpos feitos cinza
fican no cramor do tempo
e nas fiestras do eterno
fai plans de ledicia infinda
a alma en vaivens do esquenzo.

Que a vida é unha oquedade
da que cadaquén a se ceibar deserta
catando xa o enchente de saudade
na maruxía do seu enrolo nela.

E queda a vivir en mín
a imaxe do tempo ido;
tempo que si coñecín
en mín frolece xa coma un suspiro.

Día das letras galegas

Choven miudiño, choven
mais ben que de moita fala
arelas de ben falar.

Falares tenros de vida
e non fungares de ventos
senón doces armuñías
cando deixan de troular.

Non barballadas de ponla
por furacáns aldraxadas
senón alalás de brisas
cando bican ó pasar.

Nin feras cancións do mar
descompoñendo os feitizos
nas noitiñas de luar
senón arrulos de pombas
ou cantos de rapaciñas
nos serans primaverais.

Choven miudiño, choven
mais ben que de moita fala
arelas de bon falar.

Cousas da fantasía

Xa non estás en mín;
o vento xa espallou
o teu recordo.
Non sei qué te achegou
nin sei quen te levou
ferindo o meu relembro.

Eu quixera rubir
ó cumio das ausenzas
e atopar nos armarios da morriña
o latexo de tí
brumando nas entranas.

Mais digamos adeus
ao xermolar dos soños
con arrollos de lúa
nas noites de nostalxia
e no colo do tempo
abaneemos xuntos
as cousas xa pasadas.

Porque todo é un soño
de anxeio estrelecido
que lumiña o camiño
da miña pantasía
nas horas da nostalxia.

As escumas azuis

As escumas azuis
dos chilros dos paxaros
ficaron masturadas
cas néboas do solpor.
Quedaron revoando
nos perfis da paisaxe
como un bico de pomba
namorado da lúa.

Un marmurio sen xeito
foi vagando nun mundo
de sombras e tristura
e o ceo antes valeiro
foise enchendo de estrelas.
A noite paseniño
veuse chegando morna
percurando nas tebras
facer edéns nouturnos
das barbaries alleas.

Pouco a pouco os balbordos
trocouse en agarimo
como un canto de berce
que adurmiñara a Terra.
E a Lúa xa alcendida
foi crarexando a tristura
abrangando os azuis
cós seus bicos de ensoño.

As lenes follas

As lenes follas
na penumbra morna
chora grimoiros vivos
que xermolan na sombra.

Nas escuras orelas
das sombrizas que durmen
escoan como fume
os pólipos da brétema.

Anda ás apalpadas
esbarando no arrollo
das aciñas do vento
que rola polas chairas.

Peneiradas as follas
por abalos de brisa
alumiña a luz nova
do abrente do día
as mesturadas horas
que se perden no tempo.

E un arrecendo rube
polos cumios do ár
ata a donda ansiedade
pola que a vida rola.

Os meus prantos

Os meus prantos non son choros;
son sorrisos finxidos
que o tempo entolecido
me fai cos seus arrollos.
Os marmurios da vida
me xunguen sen acougo
ás tolemias sombrizas
que me apreixan nos soños.

Hai recunchos nas veas
nos que vai esbaeando
mainamente a tolemia
dos soños espallados.

E así xurden os prantos
que endexamais son choros;
son somentes orballos
nas umbrías dos ollos.

Son sopros transparentes
dunha bris que aloumiña
os soños que doentes
fuxen a se perdere
no ár da lonxanía.

O río do meu silencio

O río do meu silencio
lévame a longa distancia
alén dos soños que soño.

Pomba son de voar outo
nos ceos do meu mencer
abrindo sucos no tempo
de morte e vida ronsel.

Ben sei que agromando verbas
xiro na noite dos versos;
mais vou por ela ás escuras
á percura de poemas
na dorna dos meus anceios.

Polas bandas do meu río
ás veces ruben as neboas
cegándome a pantasía
onde agromaban as verbas.

É así como os meus versos
quedan no fondal do río
e as augas entolecidas
asulagan os poemas
que nascen no meu silencio.

Ando fuxindo

Ando fuxindo de tí
outono leniño e morno
ando fuxindo de tí
esborrexendo, no canle
do teu río de sombras e silencio.
Trouxeches das lagoas mais lonxanas
mareas de chovieiras enliñadas
na fartura de nubes mais de vento.
Perto de tí o vento brua e chora
e o seu sopro espalla as poucas follas
que aínda quedan nos árbores ispidos.
Trouxeches no teu colo sementes abondosas
de días curtos e de noites longas
con poucos brilos de lúas mais de estrelas
xa que as nubes abrangan todo o ceo
peneirando no ár balbordos de tristuras.
Vou fuxindo de tí outono mouro
coas pálpebras abertas ao relembro
de primaveiras de ledas contesturas.

Aló no alén

Aló no alén da alma
teño un curruncho valeiro
que quero encher e non podoo.
Somentes pouquiño a pouco
unha folliña dourada
do albre do sentimento
vai vertendo no curruncho
gasallos lenes de versos.
Con eles poucas a poucas
vai enchendo o meu valeiro
inda que ás veces as cousas
non sallan moi a o dereito.
Vai esbarando o ensoño
por un río de luces vagantío
dunha lonxana soedá sen fondo
dun xiro sen retorno peleriño.
E así sen mais moi en segredo
vai deixando seus gasallos no valeiro
nun xermolar de versos largacío.

Énchense as herbas

Enchense as herbas de orballo;
o tempo chove silenzos
e as horas están molladas
por chovieiras a eito.
Os piñeiros abanean
en loita cos ventos irtos
e nun ceo sen estrelas
brila un luceiros estrevido.
Esquécense o sol da noite
e amósase a medio mundo
ás poucas sen que se coide
das néboas e seus currunchos.
E vaise esbarando maino
sobor de azuis ardentes
bebendo as pingas de orballo
cós xeitos seus de sempre.
Quedan así as herbas ceibes
e o sol todo o atafega
namentras medra o abrete
alumando media Terra.

A sombra doume . . .

A sombra doume unha aperta
cando a noite xa ficaba;
eu perdínme polas ruas
das froles e dos poetas.
Os paxaros revoaban
e unha pomba namorada
sulagóuse nos adeuses
da noite que esgotaba.
Xa non acougan as cousas
nas augas das sombras mestas;
a luz agarima as horas
dun novo mencer sen tebras.
Sinto perto de mín
o sopro da ledicia
dos ramaxes, dos verdes
mais das sombrizas
ó baixar dos outeiros
a luz noviña
peneirada en silencio
pola campía.
Nas roseiras agroman os recendos
e nas froles parolan as abellas;
o sorriso do sol faise de aceiro
e a terra toda no seu colo apreixa.
Cando a noite xa ficaba
a sombra doume unha aperta.

Volto a soñar

Volto a soñar relembrós esquecidos
esbarando nas brétemas do tempo.
Son moitos os vieiros fuxidíos
ó rente dos miolos cada intre
na percura de querencias esvaídas
que roldan nas estradas miudiñas
facendo cóchegas nos soños cobizosos.
Guinda o maxín no ronsel de cada onte
dando voltas nos soños e as lembranzas;
antergas cousas de esquezos orballados,
arrecendos de vida derrubados,
cadencias invisibles de cantos de labercas.
Eche un prantiño calado e medoñento,
un eco inmorredeiro da existencia,
un senso, un asubío, unha tristura
nas escumas do tempo e do maxín sedento.

Polas rúas

Polas rúas do tempo
vou camiñando
sen atopar os eidos
que ando buscando.

Matino, sinto e vivo
abalado polos soños
que por mares largacíos
na dorna da vida escoo.

Un bafo de morte rube
hora a hora día a día
deica unha chamada doce
que por mín decote guinda.

Bate nos cumios dos soños
o doente zoar da fantasía
deixando ronseles roxos
nos que todo soño xira.

Coas acrobacias do tempo
a fantasía tolea
e fai que miolos ermos
agromen ceos na terra.

Aló pretiño do mar

Aló pretiño do mar
ando peneirando versos
rexeitando contos vellos
a carón do enferruxar.

Polo vento chegan;
polo vento van.

É por eso que cecais
cheiran as follas dos pinos
da tardiña do serán.

Son sementes entaladas
na terra de viño e pan
e donde o canto do cuco
enceta sempre a mañán.

Son lembranzas doutros tempos
que hoxe xermolan nos beizos
sen se deter a escoitar
os contos de tempos novos
sen ollos con que fitar.

Ando peneirando versos
miudos preto do mar
con axéuxeres bermellos
do mais íntimo bicar.

Nos ronseles

Nos ronseles arelantes dos azuis
estrelas fusidías xa sen rumbo
alórganse da noite con tristura
nun romántico acougo silandeiro.

Xira a noite nas alburas da mañá
e faise anacos na vertical ergueita
da luz dun novo día entalicado
na estrutura do tempo e do seu ritmo.

Hai chamadas do alén a se ceibar no sempre;
son as voces antergas dos séculos pasados
mergulladas baixo os cegos vieiros dos esquezos
que ruben polas rúas valeiras das lembranzas.

Aínda as augas ridentes do presente
andan bulindo no canle dos miolos
e xa as ledas viravoltas das ideas
bulen contra corrente polo mar da vida.

Todo apeas é un soño -unha arelanza-
mais cando o día xurde das tebras medoñentas
o sono vaise o mesmiño que estrelas fuxidías
para tornar despois feito relembros
nos aramios do tempo enguedellados.

E os séculos . . .

E os séculos pasados
coroados de tempo
xacen eu non sei ónde
coas soedades mestos.

Seus xuntoiros ó redor do esquenzo
medran e medran a oito
vellos
 murchos
 despenados
nas augas dun río eterno.

A sua xuntanza é xerga
-enxebre xerga que desborda a vida-
aló nas fazañas muas
en lonxanías sen voz
no envés da súa existencia.

Tempos idos,
 tempos irtos
que foron e xa non son;
tempos murchos polo esquenzo;
tempos de saudade e morte
tempos do eterno a carón.

Son os séculos pasados
que xacen eu non sei ónde
cos esquenzos mesturados
sen augas ou ventos que os choren.

A tarde vaise

A tarde vaise caendo;
a noite vense chegando;
ambalasduas teimosas;
ambalasduas me chaman
e ós días empuxa o tempo.

Os intres se alongan;
repinican os ouvidos
os derradeiros chilros
e as espiñosas silveiras
abalan os seus espiños.

Tebras outas, tebras baixas;
nas fiestras dos azuis
-riba do ár- as estrelas
e os vagalumes calados
van acendendo os seus faros
para alumear as herbas.

Lúa chea,
noite pecha
namentras eu ao calado
fito as froles das roseiras.

Ando choutando

Ando choutando nos versos
como neniño nun prado;
bican as roseiras ventos
que andan rubindo e baixando
polas escadas do inverno.

Ando palpando senlleiro
as duras mais as maduras
o mesmo con clara lúa
que con furacáns mareiros.

Ando tamén moi mainiño
alcendendo trovas novas
como paxaro noviño
que pra facer o seu niño
xunta palliñas e follas.

E ando escribindo escribindo
sen me ceibar de escribir
como macho de estornino
que baixo estrelas fai niño
para ter onde durmir.

Mais eu non durmo que soño
buscando un abrente outo
que troque as pedras por ouro
ou estrelas que xamais vin.

Levo xa moitos anos

Levo xa moitos anos
percorrendo unha roita esmorecente
roita de ida sen volta
sempre ollando lonxanías
con olladas miudiñas -quedamente-.

Esbaro nas escoitas das chamadas
que me fan dende aléns da miña arela
perdida no valeiro do iñoto
acochado nas brétemas do eterno.

Adeprendín do tempo a ollar ó lonxe
aínda que todo pete nas miñas cercanías
e coñecín as cóchegas da vida
rente do mouro percorrer da morte.

É fermoso choutar ó ir medrando
e alongarse nos intres mentras fuxen
guindando sempre ó lonxe sen cobiza
de entelequias nos cumios da existencia.

Mais xa son moitos anos os que levo
a xugar nos recendos invisibres
da roseira da vida esprendorosa
agarimando soños nos solpores
polos que esbaro lene e vagantío
de soles e de lúas aos crarores.

Aquel biquiño

O bico fíxose pomba
a revoar na noite dos meus soños
que endexamais se enche de saudades
en buracos sen fonda nin acougos.

Nun ligoaxe de tebras mais de arelas
as azas no seu vóo fálanme doces
de lúas e de estrelas namoradas
de berros silandeiros nos escuros
e soedades de mencedores novos.

As azas ceibes de lembrares tenros
pétanme nos conxuros de aquel bico
como un sopro de luz na sombra pecha
xermola polas tebras mainos raios
a alumear na alma fontes vivas
de augas froidas na paisaxe miña.

Augas sen canle que tamén me bican
signando a alma con luar de gozo
arrexuntando nela tódalas raiolas
dun sol esconxurado que alumea
tódalas roitas e tódolos anceios
e os bébedos adeuses nos que vivo
preso no meu solpor do bico dos teus beizos.

A traveso dos devanceiros

A traveso dos devanceiros sucos
vou sementando o balbordante folgo
dos latexos lonxanos e os reflexos
da desfeita levián feita folerpas
que traspasa o tapiz dos tempos idos.

Nas suas rúas os relembrós esvaídos
agroman como bágoas que me choran
cun apertado adeus esmorecido
ollando a eito o medrar das preguntas
sen atopar respostas que abranguen o esquecido.

E nos cumios das arelas nas que vivo
baten recendos de esquezos nos que morro
tratando de fender nas tebras fondas
a terca escuridade que me cingue
facéndome ver noite donde hai día.

Así é que o balbordante folgo
estructura o zoar das inquedanzas
porque sinto que me chaman nos escuros
antergas voces cal cantos de sireas
deica o xermen de mín sopro de nada.

O cordame da vida

O cordame da vida
aínda que non o pareza
é un decir de cotío
adeus adeus adeus.
Que a vida somentes é
vieiro con intres feito
que arrinca en mencedes novos
e fica en calquer solpor
axotado quedamente
polo valeiro das horas
e arelas doutro mencer.
Nas arquivoltas do sol
e viraventos da lúa
conta días conta noites
e fai moreas de tempo
na palleira dos esquezos
arrexuntando os adeuses.
Mais a pesares de todo
a vida
-sempre bela e degoxada-
é albre ben frolecido
do que somentes son froito
que ao amolecer o tempo
nalgún día
nunha ingrávida carreira
bulirá a se perder apodrecido
na fonda fraga dunha morte certa.

Vaite noite

Vaite noite; pomba na sombra
que vas petando nas horas
con azas de tempo abertas.

Vaite noite; berce de soños belidos
arrolado polos mainos
titileo das estrelas.

Noite; noite; cinza mollada
dunha lumeirada morna;
pálpebras tébedas -pechas-
dun torvo guindar que pasa
nas mainas mainiñas ondas
do mencer que logo chega.

Noite, noite; berce, pomba
de voar mouro no tempo
enxergado no celme dos meigallos
sen antes nin despois nos que xermolan
as niñadas de soños e segredos.

Vaite noite; vagalume silandeira
deitada sobor das herbas;
libélula voadora
de tateante voar;
lagoa de sombras mestas
con rebrilos de luar.
Noite; noite que fuxes a te perder
nas ondas de luces craras
do mar dun novo mencer.

Un pequeno curruncho

Un pequeno curruncho, un currunchiño
para quedar en mín sen mais compañía
e soñar nos valeiros alcendidos
soños de pombas senlleiras
voando isoladas fragas.

Soños de roupa en farrapos
na que soio haxa valeiros
nos ceos dun hoxe opaco.

Ou mellor soñar roseiras
nun paradiso de estrelas
matinando ceos azuis
no que non xerminan tebras;
viravoltas de abeleiras,
tamén de anduriñas ledas,
ritmos de chilros de melros
que asubían nas silveiras . . .

Un pequeno curruncho -un currunchiño-
sen nengunha outra compañía
para soñar de cotío
nunha soedade plena
entrañabres trapalladas.

E vai abrindo . . .

E vai abrindo sucos nos miolos
esta arela ricaz que arrinca verbas
nos eidos do silencio que me cingue
amolecendo os froitos nos peiraos do tempo.

Síntome ergueito en mín sobor de todo
a fitar no arredor das miñas tebras
onde choutan mensaxes e feitizos
abranxando os recendos mariñáns
do mar alporizados das ideas.

E o abaneo delas alóngase nas praias
cobizoso da luz dos faros irtos
que alumean a noite entelecida
na que alumiña latexante a vida.

Xira ó redor de mín estruturada
a perguntar preguntas sen resposta
e deixa seus ronseles nos miolos
a se perder no ritmo e servidume
das acrobacias da verdade ispida.

Eu soño e soño nas escuras noites;
e as cóchegas do vento nas fiestras
fan sorrir as ideas nos miolos
namentras sinto un quentor segredo
agrimar o lume entebecendo os versos.

No silencio valeiro

No silencio valeiro
do caer do solpor
hai tristuras que medran
ó espallarse das sombras
polo doce aloumiño
da bris que escoa por ríos sen orelas.

A noite soña aínda os seus segredos
lonxe de mín fitando sen que o seipa
os ramallos de luz da lúa nova
e os vieiros inquedos onde medran
as sombras e os lostregos de augas murchas
nas que afogan
inquedanzas azuis
esquenzos ou relembrs
que asoballan os soños estrevidos
ata morrer nas viravoltas negras
da noite feita pomba.

Pomba a voar cara ó abrente
coas azas pechas sobor de vagalumes
e orballos sen cancela escagallados
por marmurios mainiños acinchados
aos medoñentos derrubados verdes.

Así as tristuras fondas
pechadas nos faiados do silencio
medran
 medran
 e asoballan
o maino rebrilar do azul do ceo.

Sobor de todo

Sobor de todo e de todos
a primaveira chegou;
nin fríos

nin choivas

nin ventos

arredraron seu anceo
de frolecer as roseiras
có biquiño dos seus beizos.

Deixou os seus degoiros nas escumas
do inverno mais das lúas terecidas
e agromou nas ponliñas con namoro
dende a seiva dos albres cobizosos
dun recender sedento de verdores
mais de ceibes vexetais ensoños.

A primaveira chegou con resoanzas lenes
de brisas e de chilros de paxaros ledos
a se perder nos cumios eternais
de azuis inasequibres aos mortais
sen lostregos de soños nin latexos
nas augas ledizosas que a primaveira trae.

Hoxe o sol . . .

Hoxe o sol ao caladiño
ergueuse poucas a poucas
pechando da noite as sombras
no arrepío do mencer.

Foi husmando no ár tan cobizoso
que os escuros illotes das sombrizas
fuxiron pola donda quietude do silenzo
cara o quente locir da amañecida.

A lúa e as estrelas coitadiñas
acadaron oníricas paisaxes
onde o infindo agarimar do tempo
abrange o verde folgo que o mencer apreixa
no nocturno despois dun fuxir valeiro.

Tódolos verdes dos árbores do bosco
ábrense ó sol de acougos enxergados
en ronseles azuis de raiantes belezas
de froles e paxaros
esbarando no seo das silveiras
nun turxente ramallo
de raiolas en danza e zoar das abellas.

Hoxe o sol ao caladiño
abreu as suas fiestras
aos silentes belos chilros
aos verdes novos das follas
e ao falar mudo dos niños.

Non é o tempo

Non é o tempo quen pasa;
somos nos os que pasamos;
él somentes é unha estrada
pola que nos camiñamos.

Non;
non é o tempo quen pasa;
el somentes é un valeiro
ó que nos imos enchendo
cara algún lonxe iñorado
que nos ha facer relembro.

Ringleira de curtos intres
ós que nos chamamos horas;
río sen canle polo que esbaramos
ata un segredismo alén
nunha lonxanía iñota.

O tempo así vai quedando
sacudíndose o ronsel
que ao pasar imos deixando.

Nos
somentes un intre somos
enristrado na cadea
de mences e solpores
e fungos que nos soterran.

Bulen . . .

Bulen azuis no ceo;
achegouse a primaveira;
ficou o doente inverno
denizando as suas tebras.

Na sua larganza xeadá
acoróanse os relembrós
enchidos de soedades
sulagadas nas sieiras
paisaxes do esquecemento.

Hoxe sorrín as angurias
do tempo que ten pasado
e na cachafunda donda
os cores vai trasucando
nun cotián lusco fusco.

As suas lampadas a vida
acende sobor dos muros
de vindeiras auroriñas
para alumear buruxos
nos que agromen
pérolas brancas e fráxiles
e colgarexos de luces
cós que engalánase o mundo.

Caen os días

Caen os días, caen as noites
como pingas de tempo -choiva morna-
que nos molla e asulaga
poucas a poucas no folgo
ou nos latexos
do río do vivir que leva á morte.

Améstanse as suas augas mouras
coa chamada dun alén que vai queimando
os beizos que nos bican e agariman
nos meandros do mencer de cada día.

Eu sei que esa chamada é como fume
na lumeirada de cada unha das escadas
que imos facendo nos cas ecoanzas
de aquilo que acadamos ó ir vivindo
esgallando nas ponlas tatexantes
do albre de cada quén no boscaxe do mundo.

Fican días, fican noites
cara un mañán incerto e desexado;
como elas nos caímos dende o cumio de nos
deica o fondal do tempo largacío
no que todo escomenza e arremata.

A roda xira

A roda xira que xira;
como ela rolamos nos;
como ela rola o tempo;
como ela rola o vento
queirase xirar ou non.

Disque tamén xira a Terra;
disque tamén xira o sol;
hai invernos, primaveiras;
hai mences, hai solpores;
viravoltas e sazóns.

Todo xira e se revolve;
vaise o día, vaise a noite;
todo nasce e todo morre;
todo se espalla ou recolle;
todo ten o mesmo son.

Fanse mozos os neniños;
fanse vellos os homiños;
todos o mesmo camiño
van andando paseniño;
todo é un quita e pon.

Enceta a roseira o día

Enceta a roseira o día
amosando o sorriso dos seus verdes
cara a un sol que alumea
os caladiños espertares lenes.

Ollade as ponlas dos albres,
as soedades núas das herbiñas,
o primeiriño voo das aves,
as pinguiñas de orballo nas pedriñas.

E nas roseiras guindade
o bico da bris nas froles;
ollade tamén ó lonxe
as cousas todas no orde
da natureza enteiriña.

Todo anda a encetar o día
e aló no alén valeiro
onde as brétemas e as choivas
fuxen no tren derradeiro
dunha esmorecente roita
cada cousiña é quen é
sen envexa unhas das outras.

Enceta a roseira o día
e mesmo ó encetala escoita
zoar de abellas que liban
famentas e cobizosas
fresco arrecendo de vida.

Namentras que . . .

Namentras que imos vivindo
o tempo vainos ferindo
e ficamos sendo un soño
que caseque non é nada
xa que os soños se desfollan
no colo dunha esperanza.

Ás veces unha impávida tristura
na pesadume do tempo
trae aos miolos relembrós
que vanse facendo adeuses
na cinza dunha nostalxia.

E adéntranse nas ispidas
turxencias dun quente soño
a percorrer as estradas
dos lostregos vixiantes
nos neboeiros da alma.

Daquela
os íntimos agarimos
acenden poucas a poucas
dos soños as lumeiradas
e nos quentámonos nelas
sen catar que o tempo irto
vainos ferindo a modiño
a prol dunha morte crara.

A pedra d'abalar

Cando o mar esbufa embaixo
contra dos rochedos rexo,
cando ventea o nordés
e ven bruando de lexos . . .
revoando no traballo
cantigan os mariñeiros

¡Ai, que abala
que abala
que abala
o pedroucho grande
da Virxe da Barca!

Cando se chegan de lonxe
cabo da ermida os romeiros
para impropiar de xoellos
ós pés da Santa e se volven
na soma da tarde ledos
van cantigando sin dores

¡Ai, que abala
que abala
que abala
o pedrón que fora
barquiña dourada!

Hoxe ventos e rochedos
xemen, laian e non cantan
nin muxiáns nin romeiros
porque a súa pedra-barca
xa non abala
xa non abala.

Fendéuna un raio
e hoxe a cantiga
trocouse en laio.

Camiñarei

Camiñarei.
Alongarei os meus brazos
e apreixarei distancias
Abrangarei ca miña ollada
canto poida
e os meus ollos
encheráanse de brétema.
Mil cousas esquecidas
ergueráanse de súpeto
na alacea cincenta
da miña acordanza
e un país iñorado
rexurxirá da sombra
derrubados os muros
da noite do meu corpo.
Berrarei e os meus beizos
podrecerán abertos
nun derradeiro berro
que ninguén escoitará.
E eu ireime lonxe
por iñotas vereas
namentras aló embaixo
a ferruxe do tempo
esmigalla as cadeas
da miña lembranza
e o meu anceo
afoga insatisfeito
afamado de estrelas.

Sinto perto de min

Sinto perto de mín as outas lonxanías
e un enxamio de ventos aluados
ven polo bosco adiante
zoando antre ponlas novas
unha inquedanza morna.
Estame esta saudade estrelecendo
na penumbra da alma xordamente
coma un cachoupo ardendo.
Estame afatando,
agromando en anceios infindos;
estame atouzando
cunha longa milagre de arripíos.
Estame alansando no “horreo do peito”
coma erba que nunca se murchara.
E os anos que revoan coma pombas
denizan antre brumas as lembranzas
e deixan a inquedanza sin respostas.

É unha ledicia

É unha ledicia o Souto
-pequena selva virxe dos meus eidos-
ó ver refolear os ameneiros
có vento do serán no lusco e fusco;
ó adrentarse no peito a dor calada
das follas murchas enchidas de silencio
caidas unha a unha na beiriña da noite;
ó se quedar prendida
nas ponliñas marelas dos salgueiros
a música lonxana dos piñeirales outos
que axexan abalando as primeiras estrelas;
ó se sentir asolagado na lagoa das sombras
cando abanean nas ondas do sono
as ensarriñadas acordanzas de ninguén.
É unha ledicia o Souto
no recanto senlleiro da tardiña
cando o verde indeciso dos piñeiros
despecha nas beiriñas dos carreiros
os cadaleitos brancos do luar.

Peleriño

Peleriño perdido
vou diante dos meus pasos
polo longo camiño
da vida que se vai . . .

Lonxe da noite,
lonxe do día
vou camiñando
¿perto da morte?
¿perto da vida?

Os ecos que lonxanos
“quentan as ondas do ár”
esfarelados fican
e escorren ó pasar.
Sobor da lapa apertada
de tebras e furacás
da vida albeira e lanzal.

Lonxe da noite,
lonxe do día
vou camiñando
¿perto da morte?
¿perto da vida?

Hai un ensoño dourado
no canso peleriñar
coma un rumor de cantigas
ó espertar da mañán . . .

Lonxe da noite,
lonxe do día
vou camiñando
¿perto da morte?
¿perto da vida?.

Tardiña

Ei, mareiriña de verde nos trigos,
ei, laparada de sol polas agras,
ei, gargalladas dos nenos nos xogos,
ei, o marmurio das ondas nas praias,
ei, o solpor que se torna meigallo,
ei, unha escada de estrelas nos ollos,
ei, unha canle de soños nas sombras,
ei, nas sombras dos piñeiros longos.
Ei, ei, froleceu a púdia,
ei, ei, abroxou o día,
ei, ei, que se urizan os montes
ó chagalos a luz derradeira
arrolada no berce da noite.

¿Quén?

¿Quén me arrincaré do peito
a pena que me asoballa?

Eu namoreime da Lúa
-que a Terra me puxo medo-;
un neboeiro cubréuma
e a sua negrura crebóume
todo o degaro das azas . . .

¿Quén me arrincaré do peito
a pena que me asoballa?

Eu namoreime dun soño
-obnubilación da alma-;
pro no crearexo do abreinte
fuxíu a ilusión a eito
e o soño trocouse en nada . . .

¿Quén me arrincaré do peito
a pena que me asoballa?

Eu namoreime dun vento
que me quentou as intranas;
mais os ronseles do tempo
que me angurian abraiantes
téñenme callada a alma . . .

¿Quén me arrincaré do peito
a pena que me asoballa?

Eu namoreime do día
e a noite apezou de soma
a sua longa distancia;
todo quedou xa sin cor
na roita da miña andaina . . .

¿Quén me arrincaré do peito
a pena que me asoballa?

Inquedanza

Iste soar senlleiro
prisioneiro nas redes do meu peito
véño ouvindo mainamente
enguedellado en intres de relembrós.
Eu son un deber -xa o teño dito-;
un deber dun algo que me falla
e está perto de mín porque ó presinto.
Faise de conta de que son xanela
na que petan de noite mais de día
as azas das pombiñas dos meus soños
que voan na penumbra dos anceios.
Algo entobado está neste meu seo
coma un anxo durmido nas estrelas.
Algo que está por vir e que se chega
nese silencio mesto
no que xurden os versos arelantes;
algo drento de mín que non me deixa
madurece sin presas axexante;
algo rebule drento sen acougo
con vougos lindes
que esbaran pouco a pouco.

Pra un amigo morto

Asulagárono en terra
-duas cuartas abondaron-
e chovéu sobor dél a brétema da vida.

Quedóu soterrado o beixo da luz
e os vermes tiveron unha festa rachada;
de tal xeito á tiveron que hoxe é ceibe
sin máns e sin ollos
sin carne e sin osos.

Somentes lembranza
que rube inmorrente
esqueiras na alma.

Lúa . . .

Olleite, Lúa, no ronsel da noite.
Tiña sede de luz na moura sombra
e enchín o vaso coa tua luz griseira.
Montós de estrelas furaban o ceo
e todo estaba quedo acó na Terra.
Somentes eu esperto
remexínme nun leito de inquedanzas.
Namentras tí -de rúa-
íaste acochando nos canles da beleza
pechando nas nubes o teu lumear.
Eu quedei agardando o despois,
o saudoso mencer envolto en tempo
á espreita de facerme mundo
cando tí fuxas e veñan as raiolas,
as primeiras e vírxenes raiolas.

Sant – Yago

É noite. Peleriñan
os intres de silencio
as rúas garimosas
cheas de señaardá.

Tan . . . , tan . . . , tan . . .
as doce badaladas dan.

Os homes loitaron
doentes cá pedra,
e as pedras trocáronse en fontes,
en santos, en edras,
en monstros ous cás . . .

Tan . . . , tan . . . , tan . . .
as doce badaladas dan.

Érguense do sono
que durmen na morte
as xentes sin nome
que foron cibdá . . .

Tan . . . , tan . . . , tan . . .
as doce badaladas dan.

Sementaron vitaes
raigames de Historia
e agardan na cova
ouvir a resposta
que as de hoxe lles dan . . .

Morriña

Terra do meu querer, da miña anguria,
torno a tí nesta lembranza miña
desde esta lonxanía na que vivo;
endexamais do corazón boteite;
donde queira que fun fuches comigo;
inda que non te vira mais -terra amantiña-
sempre coidei que non adormentara
o pálpito segredo da tua ausencia.

Outras foron as roitas e os camiños
que o vivir me acadou pra que andivera
pro sempre fun cangado có teu peso
-é certo que oufegante-
e nada nin ninguén conquistar poido
borrar a tua lembranza do meu peito.

Si poidera tornar . . . ¡ai, Terra, Terra!,
andaría a palpar a sombra anterga
que en tí deixei por sempre de min mesmo.

E caen decontra

E caen decontra o chán as follas lenes
que o vento espalla polo ár cincento.
Unha delas navega coma barco ferido
arrolada nas ondas do regueiro que funga.

Aló vai escoando no marmurio
ancestral do salgueiral froldo
aloumiñada polo bico dondo
da luz recién nacida.

Leva no seo a livián nostalxia
do

re-

fo-

leo-

ver-

de

nas ponlas do salgueiro,
e garda no silencio a súa cantiga
ronsel irreverente de saudade.

Ninguén coñecerá da súa tristura
cando arribe na espuma dun recanto
e apodreza esvaída en soedade
“iñorada dos mais e de sí mesma”.

Chove

As nubes veñen do aló.
Do mais aló esborrallando os montes.
Hai un silencio mouro derrubado no lonxe
perdido polas gáveas contra todo.

Xurde o lóstrego,
e o trono estoupa drento do corazón das nubes.
E elas choran no colo do horizonte.

Namentras,
esmoecido e mollado trema o día
e no cunco das horas acóuchase doído
coma un pombo ferido
que ven morrer no cómaro da noite.

Ninguén sabe dónde veñen
as bágoas que as nubes choran.

No mar da noite véñse boiando a sombra;
a auga fai caneiros polas rúas
e gurgullan no peito as fontes da saudade
cando o tempo adormexa envolto en néboa.

Estes días . . .

Estes días de choiva teimosa
agromou na roseira da alma
unha frol noviña
 xeitosa

 belida
limpa como a bágoa primeira dun neno
que a nai adormece co seu agarimo.

Eche a frol dunha nova amizade
que ei coidar como coidan as aves
as crías do niño

.....
¿Quén enxerta as amizades
que fán das xentes hirmáns
sin levar o mesmo sangue?
Onde aniñan os seus gromos
tan branquiños como a neve?
Onde atopan tan asiña
o arrecendo que reverten?
Quén lles engueta eses córes
que antes ningún coñecía?

Eu ¡qué sei! O certo é
que teño unha frol noviña.
Unha mais na roseira da alma
antre as espiñas da vida,
que ei coidar con meirande agarimo
coma coida o anceo das aves
as crías do niño.

¿.....?

¿Ónde se cravará o meu verso?
¿Cabalgará no día nas raiolas do sol
ou durmirá no noite acochado na Lúa?

¿Erguerase tan outo coma os cumes dos montes
ou morrerá esquecido no profundo do val?
¿Qué música lle poñerán ó atopalo
os que soñan en visos coma mín?

Sempre, sempre, cando se quedan soios
nin o meu aloumiño na xeadada do mundo,
sempre, sempre, ouvirán entre a brétema
a chamada do esquezido na súa soledade.

¿Por qué daquela este bulir inquedo
por saír tan asiña dos recantos da alma?
Xa non terán despois cando os alonxe o tempo
o recendo emotivo dun corazón aberto
no mundo a tristurado como herba sin brisa.

Agardarán calados, apreixados no libro,
o intre delizioso de ver a luz do día
cando unha mao amiga despeche a súa furna
e uns ollos anguriosos busquen neles consolo.

¿Por cal camiño fuxirán os versos meus
“sen alento e sin ár” coma unha voz cansada
de berrar nun deserto onde ninguén escoita?

Hoxe tornei á aldea

Nin troula de rapaces
nin vellos nas lareiras . . .
a aldea valeira.

Nin gatos nas cociñas
nin oubeos nas eiras . . .
a aldea valeira.

Nin muxidos nas cortes
nin esterco nas leiras . . .
a aldea valeira.

Nin rodeiras de carros
nin melros nas silveiras . . .
a aldea valeira.

Nin de noite aturuxos
nin gaita nas festas . . .
a aldea valeira.

Nin cregos nos adros
nin xente na igrexa . . .
a aldea valeira.

Pedras -pedras mofosas-
apreixadas nas edras . . .
a aldea valeira.

Ergue os ollos . . .

Xa se deitou a noite no faiado da sombra.
O sapo faise o parvo ca súa canseira ás costas
e sae do oco mouro da cova en que durmía.

Vai de ruada lenta polas herbiñas núas
sin presas e sin pausas buscando seu xantar.

As horas rolan se alongan se aboian
no porto do silencio con mareiras de tebras
e furan nas toupeiras abríndose camiño
as teupas medoñentas con calada tarefa.

Os cans ouvean ás pantasma nouturnias
buscando por ningures sua incorpórea presenza
mentres os agros todos sementados de orballo
agardan con debezo o reencontro co día.

Hai un inqueda latexo acugulado en todo
que vai trocando en vida o que era morte
e vai carregando lus dende moi lonxe
ata fartar de azúes o limpísimo abrete.

Ergue os ollos sin mais cun lecer novo
que vivir ou morrer é a mesma cousa
“sinxela ou complicada ingrata ou nobre”.

Galicia

Galicia
toda deitada.
Galicia
toda enrugada
baixo as néboas
toda ela.
¡Cómo te firen!.
¡Cómo te aldraxan!.
E ti esperas.
E ti agardas
calada
sempre calada.
¿Por qué non xurdes
Galicia,
moza garrida,
e arrincas as inxusticias
dos teus eidos e as túas agras?.
Galicia,
sempre durmida,
agardando
que outros che veñan traer
o que estás necesitando.
Hai que ganalo, Galicia,
que non o dan choricando.

O hino do labrego

A mau preme a maceira.
O loro renxe.
A rella da arabeza
vai mudamente
abrindo, rachando, fendendo
a codia da terra . . .
Unha cantiga mais,
un xuramento,
os bois bafexan.
“Ei, Marelo”.

.....

Así hora tras hora
-a carón da tarefa-
soma a soma,
rego a rego
deixa escrito
seu hino
o labrego.
De paz, d’ esforzo, de constancia,
de xenerosidade e d’ esperanza
vai dibuxando as liñas
os sulcos do pentagrama.
Despois o sol, os ventos,
o roncón da seravia,
as chuvias e os lóstregos
orquestarán con notas aloadas,
lufadas de alalás e son de gaitas
a letra que o traballo escribeu polos eidos.

Lembranza

Ulo aquel inesquecido tempo
que todo era ledicia
e todo gozo?

Eu espalecíame cos xogos
dos fillos que eran nenos
con degoros de mozos.

Ulo aquel acougo que na casa había?
Fuxíu pra sempre antre negruras
coas ilusións de loita pola vida.
Agora m'atormenta a triste carga
d'iste vivir en soedá escura.

E mal pensan de mín; creenme un ogro
e soio son un doorido enfermo
que pretendo esquencer e non o logro
aqueles anos de dita xa pasada
cos fillos e a muller, sin as espiñas
d'estas miñas lembranzas que se cravan
no peito magoado e que desexo
arrincarme das entranas feridas.

Añoiro aqueles tempos; non m'afago
a releixarme deles; érguese aceda
no peito, ardente e malencónica,
a lumerada acesa e pezoñenta
que abrangas como agoiro o corazón do bardo
e o abura dos recordos no borrarallo.
A dita que pasou nunca máis volve
e vivo no degoiro e no sufrir decote.

Onte

Un onte de tristura,
un hoxe sin comento,
un mañán de preguntas
á sabencia do tempo
sin ter respostas certas
a teimas tan diversos.
Onte, hoxe, mañán;
ponlas que se desgaxan
do albre vello do tempo.
Onte, mañán ou hoxe;
follas que leva o vento
ruando quén sabe ónde
polos roteiros dos días
e as longas sombras das noites;
sementeira de pisares
regoados de desenganos
traballos e acariñares;
ecos de perto e de lonxe
que espertan risas ou prantos;
onte, mañán; mañán, hoxe:
partes do infindo bulrando
a nadería dos homes;
cadeas con que me apreixan
nestes anacos de terra
a cada intre escoando.

Bodas douras

Tirei do camiño
e hastra eiquí cheguei;
cincoenta anos foron
os que camiñei.
Non camiñei soio;
camiñou comigo
a miña muller.
Daquela era mozo
ledo e garuleiro;
hoxe son un vello
e ¿qué lle hei facer?
Os anos pasaron,
a xuventud foise,
perdeuse no tempo
pra nunca volver.
Pro fun recollendo
colleita belida
nos eidos da vida
que antes sementei.
Tiven oito fillos,
unha boa muller
e vintadous netos
¿qué mais pedir hei?
Un pouco de vida
para velos medrar
felices e ledos
todos irmandados
e despois morrer.

Xunta o río

Vaise o río
ollando o mar lonxano
e as augas van ispindo
as miñas horas ermas
feitas versos, rolando.
Ó longo da ribeira
paseio a miña sombra
cansa, chea, solerma,
pola beira das augas
rolantes
patexantes
có seu rosel de arelas
onde a corrente sega
as raiolas do sol, esfiañado
por sombras de amenedos
de bidos e carballos
e os intres de denoite
con luares valeiros e calados.
Apois a sua voz escura
vaise pola espesura
longamente alonxando
e quédame a tenrura
do silencio
e a seña dá xemendo
no soedoso peito.

Espertar

Namentras absorto
removo e escoito
o silencio que hai dentro de mín
a ollada da Lúa
se pousa no orballo
da noite xa chea
de pasos estranos
que alonxan as tebras
alén do livor;
os hombros da sombra
sosteñen a noite
que xa sin prestixio
se amosa mais lene
mais murcha e sutil.
Eu vivo namentras
por sobor do tempo
forxando na mente
un mundo segredo
que sexa mellor . . .
E o tempo moendo
saquetas de horas
de luz e de sombra
solpor tras solpor.

Lembrando

Vou debullando lembranzas
coma o mar debulla escumas
na praia longa e lonxana.
Me nascen no pensamento
mais debrúzanse no esquenzo
e esvánense no fume dos meus soños.
Son xa moi andado; as tebras
con devalar vagoroso
fan na memoria regaiña
e van fuxindo dos labres
as ideas fadigadas
que se alonxan e camiñan
coma sombras de nubes.
As lembranzas
cecais creian ser algo sin ser nada.

Maxinando

Maxino mares riseiros,
maxino fresqueira area
de praias que ollan pra o mar.

Maxino regueiros fríos,
risadas de foscas ventos,
rumores de escuros ríos,
lucos que afoxentan medos,
sopiros que van para o ár.

Maxino lastras de rúas
esboralladas e núas,
alongamentos de sombras,
luas que espertan brilos,
refrexos nas augas fondas,
roquedos cacarañados,
noites cheas, negras, longas,
aceso abrete orballado,
pranto de voces doidas,
fiaños que fan billardos
de chuvia soante e fría.

Maxino maus que consoan,
luz do serán derradeira,
griseiras néboas nos soillos,
paixós de mulleres vellas,
queixumes de pino enxoiado,
mañás de domingo ledas.

Maxino, sempre maxino.

Maxino si vou ou veño.

Maxino si estou esperto.

Maxino si estou durmindo.

Vocación

Gustoume ser Mestre
-¿o serei? ¿sereino?-
pra ensinar ós nenos
ensinos de mares
con puntos de encaixe
na espuma branquiña.
Eu quisin ser Mestre
pra ensinar ós nenos
ensinos de xogos,
ensinos de risas,
ensinos de soños
con lúas e estrelas
que poñan o ceio
ó rente da terra
no calmo mainiño
das augas das rías.
Eu quisin ser Mestre
-Mestre de meniños-
pra ensinar somentes
faces sorridentes
que acoube ista vida.
As outras facianas
-as amarguexadas-
xa se ven soñas.



S.C.R.D. FILLOS DE OIS
S.C.R.D. Fillos de Ois. Santa María de Ois - Coirós - www.fillosdeois.org